

ADENDA AO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA, PARA A COMPROBACIÓN DA RESIDENCIA QUE FIGURA NA BASE PADROAL DAS PERSOAS TITULARES DA TARXETA SANITARIA EN GALICIA COMO EMPADROADOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade ven de formalizar con data do 09.09.2025 unha adenda ao convenio co Instituto Nacional de Estadística (INE) para colaborar na comprobación dos datos de residencia das persoas titulares da tarxeta sanitaria en Galicia, a cal estará vixente ata o 24.07.2028.

Que o instrumento convencional que se modifica a través desta adenda ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre as partes de cara á comprobación periódica da residencia na Comunidade Autónoma de Galicia das persoas que constan de alta no Sistema de Información da Tarxeta Sanitaria de Galicia como empadroados. Deste xeito a Consellería de Sanidade enviará directamente ao INE un ficheiro cos datos persoais das persoas que constan de alta no citado sistema como empadroados na Comunidade Autónoma de Galicia e para os que precisa dispoñer de información actualizada. O INE cruzará a información recibida coa súa base de datos padroal e xerará varios ficheiros de resposta. O convenio establece a metodoloxía a seguir para levar a cabo ese cruce de información, así como as condicións para a xeración dos distintos ficheiros. Todo isto realízase coa fin de que a Consellería de Sanidade coñeza de xeito efectivo, de cara ao adecuado exercicio das súas competencias, se as persoas que se atopan no seu Sistema de Información de Tarxeta Sanitaria como empadroadas na Comunidade Autónoma de Galicia, efectivamente residen no seu ámbito territorial. A través da adenda formalizada agora, modifícase a metodoloxía de intercambio de ficheiros, optimizando así os recursos do INE e mellorando a calidade dos resultados obtidos.

Que o instrumento convencional que se formaliza se fundamenta no seguinte:

Que segundo o artigo 4.1 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia o dereito á protección da saúde e atención sanitaria con cargo a fondos públicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia garántese a todas as persoas que residan nos concellos da nosa comunidade. Para acreditar esta residencia debe constar o empadramento efectivo daquelas. Neste sentido, os concellos deberán remitir ao INE os datos dos seus respectivos padróns, estando esta cesión amparada legalmente, dado que o padrón municipal constitúe

un rexistro administrativo suxeito á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, a cal no seu artigo 8.2 sinala que *"El tratamiento de datos personales solo podrá considerarse fundado en el cumplimiento de una misión realizada en interés público o en el ejercicio de poderes públicos conferidos al responsable, en los términos previstos en el artículo 6.1 e) del Reglamento (UE) 2016/679, cuando derive de una competencia atribuida por una norma con rango de ley."*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

